



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Ética, Lexislación e Xestión en Podoloxía		Código	750G02113
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Profesorado	Gil Manso, Pedro	Correo electrónico	pedro.gil.manso@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>Esta materia proporciona coñecementos sobre os fundamentos da profesión podolóxica e as súas obrigacións deontolóxicas, así como a xestión clínica dos servizos de podoloxía.</p> <p>A materia versará sobre: as obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normopraxis. Dereitos do paciente. Responsabilidade civil e sanitaria. Problemas éticos no exercicio da profesión. Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. Marco profesional. Dereitos e obrigacións do profesional. Xestión clínica dos servizos de podoloxía. Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español. Autonomía do paciente. Manexo da documentación clínica: confidencialidade.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A91	CE27 -Coñecer a organización e xestión da consulta profesional de podoloxía e adquirir a capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía
A92	CE28 - Actuar en base ao cumprimento das obrigacións deontolóxicas da profesión, os principios éticos universais, a lexislación vixente e os criterios de normopraxis
A93	CE29 - - Coñecer os dereitos do paciente, a responsabilidade civil e sanitaria, o marco, os dereitos e obrigacións do profesional, os problemas éticos no exercicio da profesión e os instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B33	CG06 - Adquirir a capacidade para realizar unha xestión clínica centrada no paciente, na economía da saúde e o uso eficiente dos recursos sanitarios, así como a xestión eficaz da documentación clínica, con especial atención á súa confidencialidade
B37	CG10 - Identificar que o exercicio da profesión está asentado no respecto á autonomía do paciente, ás súas crenzas, cultura, determinantes xenéticos, demográficos e socioeconómicos, aplicando os principios de xustiza social e comprendendo as implicacións éticas nun contexto mundial en transformación
B38	CG11 -Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica, actuando sempre en base ao cumprimento das obrigacións deontolóxicas, da lexislación vixente e dos criterios de normopraxis, integrando os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións
B39	CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares
C9	CT01 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C11	CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C12	CT04 - Desenvolver o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero
C13	CT05 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C14	CT06 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables



C15	CT07 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social
C16	CT08 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C17	CT09 - Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer e actuar en base ao cumprimento das obrigacións deontolóxicas da profesión, a lexislación vixente e os criterios de normo praxes	A92	B33
Coñecer os dereitos e a autonomía do paciente. Coñecer e aplicar os conceptos de responsabilidade civil e sanitaria. Coñecer o manexo da documentación clínica: confidencialidade.	A92 A93	B37 B38 B39	C9 C12
Coñecer o marco profesional así como os dereitos e obrigacións do profesional.	A92	B24 B25 B37 B38 B39	C11 C13
Conocer los problemas éticos en el ejercicio de la profesión y los instrumentos que ayuden al profesional en caso de problemas éticos.	A92 A93	B24 B25	C11 C12
Adquirir a capacidade de xestión clínica dos servizos de Podoloxía. Coñecer a Economía da saúde e uso eficiente dos recursos. Coñecer a xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español.	A91	B25 B33 B39	C11 C12 C14 C17

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Introducción á ética	1.1- Introducción. Noción xeral de Ética. 1.2- Conceptos: ética, moral, lexislación, deontoloxía. 1.3- Diferenzas entre Ética, Deontoloxía e Lexislación. 1.4- Diferentes perspectivas e tendencia da ética.
2.- Bioética	2.1. Introducción. Panorama histórico. 2.2. Concepto de bioética. 2.3. Principios bioéticos fundamentais.
3.- A Ética das profesións	3.1- Introducción. 3.2- Caracteres dunha actividade profesional. 3.3- Marco legal da profesión de podoloxía. 3.4- Código deontolóxico de Podoloxía. Obrigacións deontolóxicas do profesional de Podoloxía. 3.5-Problemas éticos no exercicio da profesión. 3.6-Instrumentos que axuden ao profesional en caso de problemas éticos. 3.7.- Criterios de normopraxes.



4.- Dereitos e deberes do paciente	<p>4.1- Os dereitos e deberes dos usuarios na Lei Xeral de Sanidade.</p> <p>4.2- Os dereitos e deberes dos usuarios no Código Deontolóxico de Podoloxía.</p> <p>4.3- A Información e o consentimento informado.</p> <p>4.4- Lexislación reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.</p> <p>4.5- Historia clínica.</p> <p>4.6- Manexo da documentación clínica: confidencialidade.</p>
5.- Dereitos e obrigacións do profesional.	<p>5.1- Marco profesional.</p> <p>5.2- Introducción ao concepto de responsabilidade profesional.</p> <p>5.3- Responsabilidade civil e sanitaria.</p> <p>5.4- A responsabilidade penal dos profesionais sanitarios.</p> <p>5.5- Concepto de imprudencia profesional.</p> <p>5.6- O segredo e a confidencialidade.</p> <p>5.7- Colexiación e asociacionismo profesional.</p>
6.- Xestión en Podoloxía	<p>6.1- O sistema Sanitario Español.</p> <p>6.2- Procedementos para a creación e xestión dunha clínica podolóxica.</p> <p>6.3- Principios básicos da mercadotecnia.</p> <p>6.4- Xestión clínica dos servizos de podoloxía.</p> <p>6.5- Economía da saúde e uso eficiente dos recursos.</p> <p>6.6- Xestión dos servizos de saúde na atención e rehabilitación podolóxica no Sistema Sanitario Español.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A91 A92 A93	17	10	27
Estudo de casos	A91 B24 B25 B37 B38 B39 C9 C12 C14 C15 C17	4	14	18
Seminario	A91 B33 C11 C17	6	12	18
Eventos científicos e/ou divulgativos	C11 C16	11	10	21
Traballos tutelados	A91 A93 B24 B25 B38 B39 C9 C11 C13 C15 C16 C17	4	24	28
Proba de resposta múltiple	A91 A92 A93	1	32	33
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte da/do estudante. Baseada na exposición oral complementada co uso de audiovisuais e introdución dalgunhas preguntas dirixidas ás e ós estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.



<p>Estudo de casos</p>	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>A metodoloxía utilizada nesta materia basearase na Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP). É un método didáctico que permite ao alumnado adquirir coñecementos, habilidades e actitudes, para ser capaz de identificar, analizar e resolver problemas de saúde de maneira eficaz, eficiente e humana (Bridges, 1991; Branda, 1990)</p> <p>No ABP un grupo pequeno de alumnos/as reúnese, coa facilitación de titor, para analizar e resolver un problema (escenario) seleccionado ou deseñado especialmente para o logro de certos obxectivos de aprendizaxe.</p> <p>Cada estudante integrado, obrigatoriamente dentro dun grupo pequeno (5-6 membros), traballará conxuntamente na resolución das tarefas asignadas polo profesor para optimizar a súa aprendizaxe e o do resto dos membros do grupo. O desenvolvemento deste escenario farase durante as horas de seminario e en cada grupo nas horas de traballo autónomo. Os grupos comporanse o primeiro día de clase da materia.</p> <p>Os resultados dos escenarios entregaranse a través da plataforma Moodle (nas datas acordadas na presentación da materia) co nome de arquivo: EscenarioX_GrupoXnº.PDF e posteriormente expostos e defendidos por todos os integrantes do grupo.</p>
<p>Seminario</p>	<p>Unha clase en grupo para o estudo intensivo da xestión podolóxica e o uso do software de xestión clínica COGECOP (ou equivalente) trala que cada estudante deberá de realizar unha memoria de uso e valoración, xerando evidencias do emprego do mesmo.</p> <p>Noutra clase traballaranse sobre os aplicativos e sistemas de comunicación coa administración, tales coma o certificado dixital ou a plataforma É-Saúde trala que cada estudante deberá de realizar unha memoria de uso, xerando evidencias do emprego do mesmo e do certificado dixital.</p>
<p>Eventos científicos e/ou divulgativos</p>	<p>Asistencia e participación a congresos e xornadas de orientación profesional, innovación e emprendimento (Laboralia, Xornadas Orientación Facultade, Plan de Acción Green Campus Ferrol, etc.) e elaboración dunha memoria-informe das mesmas.</p> <p>A asistencia e participación nestas actividades permitirán ao alumnado profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia e proporcionar coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes ao ámbito de estudo.</p>
<p>Traballos tutelados</p>	<p>Traballo en grupo de 5-6 alumnos/as no que se fará un proxecto de creación dun centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía e no que se deberán de describir:</p> <ul style="list-style-type: none"> - os trámites legais e administrativos necesarios para a creación de clínica podolóxica. - procedementos para a creación e xestión dunha clínica podolóxica. - plan de negocio e mercadotecnia da clínica podolóxica. - localización e deseño da clínica podolóxica. <p>Este traballo deberase de entregar a través da plataforma Moodle (nas datas acordadas na presentación da materia) co nome: CS_podologiaGrupo.PDF e posteriormente expostos e defendidos por todos os integrantes do grupo.</p>
<p>Proba de resposta múltiple</p>	<p>Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta.</p> <p>Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados a través da plataforma Moodle así como os escenarios do Estudo de casos.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Estudo de casos</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>A atención personalizada desenvolverase de forma programada nos horarios de titorías do profesor, exclusivamente de xeito presencial, previa solicitude a través do Campus Virtual (plataforma Moodle) e estas serán gravadas a través de TEAMS na canle privada do docente ao igual que as revisión das calificacións.</p> <p>A atención personalizada está destinada a resolver calquera tema relacionado coas diferentes metodoloxías e/o contidos da materia.</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A91 A92 A93	<p>Exame con 30 preguntas tipo test cunha única resposta correcta.</p> <p>Devandito exame realizarase presencialmente a través do Campus Virtual da materia e versará sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os materiais entregados así como os escenarios do Estudo de casos.</p> <p>INSTRUCCIÓNS DO EXAME:</p> <ul style="list-style-type: none">-Cada pregunta test respondidas de forma incorrecta descontará o valor de 1/2 (-50%) dunha pregunta correcta. En cada pregunta test só hai unha resposta totalmente correcta.- Unha vez aberto o cuestionario as preguntas tipo irán aparecendo unha a unha (preguntas e respostas que son diferentes e en orde aleatoria para cada estudante), gardando tras cada paso á pregunta seguinte a resposta marcada (onde sempre hai unha engadida de Non sabe/Non contesta), polo que en caso dalgún fallo puntual de conexión ou do sistema poderase volver conectar e volver á última pregunta non contestada. <p>NORMAS XERAIS DO EXAME:</p> <ul style="list-style-type: none">- Depositar carteiras, maletíns, bolsos, abrigos, apuntamentos, botellas e dispositivos electrónicos (incluíndo teléfonos móbiles e reloxos de calquera tipo) nos percheros e mesas do fondo da clase.- Non portar pantalóns curtos nin saias e levar pelo recolleito, cos pavillóns auditivos visibles.- Durante o exame na mesa só deberán de estar o exame, a tarxeta identificativa do estudante (DNI ou tarxeta UDC) e un máximo de 2 bolígrafos azuis non borrables.- Durante o exame no computador só estará aberta a xanela co navegador (recoméndase Google Chrome) coa única pestana de acceso ao Campus Virtual no cuestionario do exame e o Administrador de Tarefas do Sistema, mostrando todos os programas activos.- A copia, o acceso con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles (incluíndo teléfonos móbiles, auriculares e reloxos de calquera tipo) así como a gravación ou captura de pantalla será causa suficiente de expulsión da proba o que implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia (en ambas as oportunidades).- Non escribir baixo ningún concepto na mesa nin mobiliario da aula.- A conexión realizarase a traves da rede wifi propia da UDC EDUROAM (previamente configurada), sendo necesario ter instalado o aplicativo Safe Exam Browser no equipo.- Ao finalizar o exame (antes de apagar o equipo e pechar o navegador e a sesión), cada estudante avisará ao docente responsable da proba de que finalizou o exame e mostrará a súa equipa coa evidencia da entrega do exame, os últimos documentos creados na equipa e o contido do portapapeles.- O incumprimento destas normas suporá o suspenso automático do exame coa cualificación de 0,0.	60



Eventos científicos e/ou divulgativos	C11 C16	<p>Esta metodoloxía de aprendizaxe colaborativa, valorarase en función do número de copias dos diplomas da asistencia a xornadas/cursos sobre orientación profesional, innovación e emprendemento así como as conclusións do informe-memoria sobre as mesmas presentadas a través da plataforma moodle.</p> <p>Neste apartado destaca especialmente as Xornadas de Orientación Profesional en Podoloxía organizadas pola Facultade de Enfermería e Podoloxía, que se avaliará exclusivamente en función do número de charlas ás que asista presencialmente e a participación nas mesmas.</p>	10
Estudo de casos	A91 B24 B25 B37 B38 B39 C9 C12 C14 C15 C17	<p>O alumnado entregará o documento da solución xustificada do escenario na tarefa Moodle e presentarao e defenderá na aula segundo o traballo previo do grupo dentro da aprendizaxe baseada en problemas, dentro dos prazos marcados.</p> <p>Criterios de cualificación</p> <p>Avaliarase a relevancia do traballo feito, a consecución dos obxectivos prioritarios e secundarios dos problemas expostos, as interaccións persoais de cada estudante na aula cos demais membros do grupo (segundo o número de participacións nas reunións do grupo), a achega ao proceso de razoamento grupal (avaliada por cuestionario a cada un dos membros do grupo), a integración de coñecementos teóricos básicos na aplicación práctica, o problema exposto e as conclusións establecidas, a reflexión xeral do aprendido no caso exposto, o pensamento crítico do grupo sobre o caso e a xustificación das intervencións e/o respostas a través de bases documentais, normas e leis éticas e deontolóxicas actuais.</p> <p>Para valorar o traballo será necesario a asistencia e participación na exposición e defensa do proxecto propio e do resto de grupos.</p>	8
Sesión maxistral	A91 A92 A93	Valorarase a asistencia e a participación activa e produtiva ás clases e actividades na aula.	4
Traballos tutelados	A91 A93 B24 B25 B38 B39 C9 C11 C13 C15 C16 C17	<p>Para a realización deste proxecto de creación de centro sanitario en que se presten os servizos de podoloxía valoraranse especialmente a orixinalidade e concreción nunha localización real concreta o plan de negocio e a desagregación dos trámites.</p> <p>Para valorar o traballo será necesario a asistencia e participación na exposición e defensa do proxecto propio e do resto de grupos.</p>	10
Seminario	A91 B33 C11 C17	Valorarase a asistencia e participación no seminario, así como a elaboración dunha memoria de valoración de uso do software de xestión clínica COGECOP (ou equivalente) da que se valorará especialmente a creación de exemplos de datos e a valoración crítica do aplicativo, e a elaboración dun informe incluíndo evidencias sobre o uso dos aplicativos coma o certificado dixital e a plataforma É-Saúde (ou equivalente).	8
Outros			

Observacións avaliación



Na matrícula ordinaria: o 60 % da avaliación de materia depende por tanto da proba obxectiva que neste caso será unha proba de resposta múltiple. Por outra banda, o 20% da cualificación dependerá dos traballos tutelados (un de 10% do traballo de creación dun centro sanitario e outro 10% do traballo dos eventos científicos e divulgativos). Finalmente, o 20% da cualificación da materia dependerá da avaliación e seguimento continuo entendendo como tal as sesións maxistras (4%), os seminarios (8%) e o estudo de casos (8%).

Optarán á cualificación de **MATRÍCULA DE HONRA** o estudante que obtendo unha cualificación global superior ao 95% sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega nas clases escenarios e seminarios fose significativa. A cualificación de **NON PRESENTADO**: outorgarase a aqueles alumnos que non se presentan ao exame. **SEGUNDA OPORTUNIDADE**: Para aquel alumnado que non supere a materia na primeira oportunidade de avaliación, manterase os mesmos porcentaxes de avaliación que na primeira oportunidade e o alumno poderá volver realizar calquera das tarefas avaliadas que suspendese, neste caso de forma individual (mesmo as que inicialmente eran en grupo) e deberá entregalas 10 días antes da data do exame. As tarefas que non repita manterase a cualificación da primeira oportunidade. Terá que repetir, en calquera caso, o exame final da materia. Para alumnado **ERASMUS**, **SICUE** e **BILATERAL** poderá optar pola avaliación da modalidade ordinaria ou avaliación na que corresponderá o 70% coa nota de proba de resposta múltiple, o 10% coa memoria de eventos científicos-divulgativos e 20% co traballo tutelado de creación de centro sanitario (que neste caso será individual). Para alumnado con **MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL** a súa cualificación corresponderá o 60% coa nota da proba de resposta múltiple, o 15% coa memoria de eventos científicos-divulgativos, 15% co traballo tutelado de creación de centro sanitario (que neste caso será individual) e o 10% pola participación e tarefas dos seminarios. Para o alumnado con **DISPENSA ACADÉMICA** a súa cualificación corresponderá o 70% coa nota obtida na proba mixta, o 20% co traballo tutelado de creación de centro sanitario (que neste caso será individual) e o 10% pola participación e tarefas dos seminarios. Convocatorias de **SEGUNDA E POSTERIORES MATRÍCULAS**: Para aqueles alumnos que cursen a materia e realicen os estudos de casos e traballos tutelados coa cualificación de apto, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame teórico fará media coas cualificacións dos seminarios, eventos científicos, os estudos de casos, traballos tutelados e clases maxistras do curso académico no que cursaron os estudos de casos. Convocatorias da **OPORTUNIDAD ADIANTADA DE AVALIACIÓN**: Para aqueles alumnos que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos e concédaselle poderán presentarse ao exame teórico final cuxa cualificación supoñerá o 100% da cualificación da materia. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

A fin de establecer un proceso de mellora contínua da **CALIDADE** da materia e facilitar a participación de todos os alumnos, mediante o envío dun arquivo co nome **Apellido1_Apellido2_Nome-VALORACION.doc** poderanse sumar ata 0,4 puntos á puntuación da materia, a condición de que a suma destes puntos non supoña o aprobado da mesma. Esta puntuación virá determinada por: Cubrir a enquisa de **AVALIEMOS** (<http://www.udc.gal/avaliemos>) [7 días antes da data de peche de actas da 1ª oportunidade]: + 0,25 puntos Valoración persoal da materia, describindo brevemente e de forma construtiva o que consideras o mellor e o peor da docencia dá a materia, así como proposta de cambios [12 días antes da data de peche de actas da 1ª oportunidade]: + 0,1 puntos Contabiliza o total de horas dedicadas á materia [12 días antes da data de peche de actas da 1ª oportunidade]: + 0,05 puntos



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Medina Castellano Carmen (2000). Ética y Legislación. Madrid: D.A.E Grupo Paradigma - Noval Cinza Jose, et al (1997). Principios de bioética. A Coruña: Servicio de Publicaciones de la Universidad de A Coruña - (). Ley 41/2002 reguladora de la autonomía del paciente y derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica. - (). Ley 25/1990, de 20 de diciembre, del medicamento. - (). Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad. - (). Código deontológico de Podología. - Medina Castellano Carmen (2000). Ética y legislación. Madrid: Paradigma - ARANGUREN, J.L., (1989). Ética. Madrid: Alianza Universidad - GOMEZ JARA, M (2007). La responsabilidad profesional sanitaria. Barcelona: Atelier Libros SA - GOMEZ JARA, M, NOVEL MARTÍ, V (2001). El ejercicio privado de las profesiones sanitarias: requisitos legales. Barcelona: Atelier Libros SA - Latorre, A (1985). Introducción al Derecho. Barcelona: Ariel - Novel i Martí, Virginia; Fernández Herrera, Jesús M. Ramón Meseguer Planas (2009). Manual de Marketing para la consulta de podología. Nexus Médica - Moreno de la Fuente, José Luis (2013). Podología : emprendimiento, ética, legislación y gestión. Madrid : BDS
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Mosqueda-Díaz, A., Mendoza-Parra, S., Jofré-Aravena, V. (2014). Aporte de enfermería a la toma de decisiones en salud.. Rev Bras Enferm. mai-jun; 67(3):462-7 - ICN (1994). La ética en la práctica de la enfermería. Guía para la toma de decisiones éticas.. Ginebra: Consejo Internacional de Enfermeras. - Arroyo MP, Serrano A (1988). Ética y Legislación en Enfermería. Madrid: Interamericana - Arroyo P, Cortina A (1996). Ética y legislación en enfermería . Madrid: Interamericana - Gil Calvo (2001). Nacidos para cambiar. Como construimos nuestras biografías.. Madrid: Taurus - Becerro R, et al (2002). Prescripción y receta podológica. El Peu. 22(1):8-17 - Marín Manuel (2003). Receta medica en podología. Revista Española de Podología: XIV (3):142-144 - (). WESLAW (Aranzadi). http://www.udc.es/biblioteca/galego/Bases.htm - (). NOTICIAS JURIDICAS. http://noticias.juridicas.com/ - (). DERECHO.COM. http://www.derecho.com/ - (). BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO. http://www.boe.es/diario_boe/ - (). DIARIO OFICIAL DE GALICIA. http://www.xunta.es/consulta-do-dog - Calvo Sanchez, Dolores (2010). Secreto profesional en el ámbito de la enfermería.. Lisboa: Editorial Juruá - Garzón Alarcón, N (2001). Toma de decisiones éticas. Catadra Manuel Ancina. Ética y Bioética. - Almenara P (1995). Ética y Legislación en Enfermería. Barcelona: Masson

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía Aplicada e Saúde/750G02105

Podoloxía xeral /750G02110

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo Fin de Grao/750G02133

Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Grao/750G02133

Observacións



Para axudar a conseguir

unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número

5:

?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green

Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade

de imprimilos,

no caso de se realizar en papel:

non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregase papel reciclado

e evitase a impresión

de borradores. Débese facer un uso

sostible dos recursos

e a prevención de impactos negativos sobre

o medio natural tendo en

conta a importancia dos principios

éticos relacionados cos valores da sostenibilidade

nos

comportamentos persoais e profesionais. Todas as probas de avaliación realizaranse a través do campus virtual da materia, evitan así o uso de papel. MATERIAL DOCENTE. Tanto o material empregado na aula, como o dispoñible no campus Virtual e TEAMS da materia está protexido pola Lei de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual), e pónse ao dispor dos estudantes matriculados na materia, exclusivamente para o seu uso persoal. Calquer extracción destes materiais para poñelos ao dispor de terceiros por calquera outro medio (fotocopiadoras, correo electrónico, páxinas web etc.)/ etc.), é un acto ilícito que conlevará as medidas legais e disciplinarias pertinentes, considerándose unha falta grave ou moi grave de acordo co Regulamento Disciplinar do Estudantado da Universidade da Coruña e unha infracción grave ou moi grave da Lei de Propiedade Intelectual.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías